



O Concello de Muros realizou charlas sobre Bioconstrución e Xardinería sostible.

Desde as Concellarías de Promoción económica e turismo e a de Medioambiente e sostibilidade promoveuse unha xornada formativa de capacitación ambiental, orientada ao persoal do Obradoiro de emprego de Muros.

Nestas charlas, levadas a cabo o pasado xoves 11 de febreiro ás 12.00 h no auditorio da Casa da Cultura de Muros, tratáronse os temas da bioconstrución e xardinería sostible. A esta xornada tamén acudiu persoal do Obradoiro de emprego de Carnota.

As charlas foron impartidas por Manuel Domínguez, biólogo e educador ambiental da empresa “Ventos. Estudios Ambientais”, e en total participaron 77 persoas ás que se lle entregou un CD coa documentación do que se explicou durante toda a xornada.



Os obxectivos principais da charla sobre Bioconstrución foron: promover a toma de conciencia sobre a crise ambiental, e da responsabilidade (colectiva e individual) no tema, traballando arredor de valores e actitudes ao respecto; fomento da cultura da sostibilidade; achega de coñecementos básicos sobre minimización, mecanismos de aforro, variables ambientais na escolla de produtos, minimización na produción de residuos (e exercendo unha correcta xestión dos mesmos)...., achegando capacidades para reducir a pegada ecolóxica.

Os obxectivos principais da charla sobre Xardinería sostible foron: fomentar a escolla de especies autóctonas, o control de pragas sen produtos químicos, explicar os problemas que poden causar as especies alóctonas e invasoras, ...